

**Resolución do 18 de novembro de 2023, do tribunal nomeado por Resolución de 19 de outubro de 2023 (DOG número 207, do 31 de outubro de 2023) que cualifica o proceso selectivo de acceso por promoción interna e mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (códigos de procedemento PR461C e PR461H), convocado mediante Orde do 19 de abril (DOG número 86, do 5 de maio)**

En sesión que tivo lugar o día 18 de novembro de 2023, o tribunal referido no encabezamento,

**ACORDOU:**

Facer pública como anexo a esta resolución, a baremación provisional da fase de concurso do proceso de acceso por promoción interna, con indicación da puntuación obtida polas distintas persoas aspirantes en cada epígrafe, de acordo co disposto na base 5.1 e de conformidade co Anexo IV da convocatoria que recolle o baremo de méritos aplicable ao proceso de promoción interna, modificado pola Orde do 17 de outubro de 2023 publicada no DOG número 203, de 25 de outubro de 2023.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra a baremación no prazo de cinco días hábiles contados a partires do seguinte á publicación desta resolución na web da Agasp, do 20 ao 24 de novembro.

Tal e como establece a convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Na Estrada, 18 de novembro de 2022

A presidenta do tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

